

## **O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS FAI SABER**

A “Ordenanza Municipal reguladora da licencia pola tenencia de animais potencialmente perigosos, do seu rexistro, da sección local do rexistro de animais de compañía e das taxas pola prestación de tales servicios”, regula entre outras a CIRCULACIÓN E PERMANENCIA DO CAN EN VÍAS PÚBLICAS E LOCAIS. É por iso que a efectos de incidir na obrigatoriedade do cumprimento desta normativa por parte dos propietarios de cans, e notificando que o incumprimento da mesma será obxecto de SANCIÓN, cítanse a continuación algunhas das obrigas recollidas no artigo 14 da presente ordenanza:

- **Nas vías públicas e os espacios naturais protexidos os cans irán suxeitos con cadea ou correa.**

- Queda expresamente prohibida a entrada de animais domésticos en toda clase de locais destinados á fabricación, almacenamento, transporte, venda ou manipulación de alimentos; así como a entrada ou estancia dos mesmos en restaurantes, bares, cafeterías e similares.

- Prohíbese a circulación ou a estancia de cans e outros animais nas piscinas públicas e locais de espectáculos público, deportivos e culturais e nos recintos escolares.

- **Queda prohibido deixar as deposicións fecais dos cans nas vías públicas.** Os propietarios de cans son responsables de recoller convenientemente os excrementos e depositalos ou ben en bolsas de lixo domiciliaria, ou ben naqueles lugares que a autoridade municipal destine expresamente a esta finalidade.

- **Queda expresamente prohibido que os cans accedan ás zonas de xogo infantil das prazas e parques do municipio.**

**O INCUMPRIMENTO DE DITA NORMATIVA PODE CONLEVAR AO INFRACTOR SANCIÓN QUE OSCILAN ENTRE OS 750 E OS 1.500 EUROS!!!!**